


1

# PRIMARIA

MATERIAIS DIDÁCTICOS PARA A COEDUCACIÓN



8 de Marzo

Día Internacional da Muller Traballadora

EDUCANDO EN IGUALDADE



CONCELLO DE BAIONA

CONCELLERÍA  
DE IGUALDADE  
DE XENERO

## **PRESENTACIÓN**

A Concellería de Igualdade de Xénero do Concello de Baiona, é a área municipal que dirixe as súas actuacións a totalidade da sociedade, e implica á mesma na consecución do obxectivo final de acadar a Igualdade real e efectiva entre os sexos .

No I Plan Municipal de Igualdade entre Mulleres e Homes do Concello de Baiona 2005-2006, na área de “Educación en Igualdade”, establécese como un dos obxectivos “A colaboración cos centros educativos na formación en contidos de Igualdade de Oportunidades” .

Neste marco a Concellería de Igualdade de Xénero, edita a unidade didáctica “Educando na Igualdade “que constitúe a primeira da serie **“MATERIAIS DIDÁCTICOS PARA A COEDUCACIÓN”** .

A Concellería de Igualdade, ofrece esta unidade didáctica , que inclúe materiais que supoñen unha axuda para o profesorado ,proporcionándolles pautas de análise e diferentes actividades a desenvolver na aula .

As actividades que propoñemos van dirixidas ó alumnado de Educación Primaria e teñen como obxectivo sensibilizalos nos aspectos coeducativos, na autoestima e na resolución non violenta de conflitos.

**Concellería de Igualdade de Xénero**

## **PREÁMBULO**

Educación en igualdade, respecto, tolerancia, solidariedade, aceptación e dignidade son valores que debemos reforzar para acadar unha sociedade máis xusta e previr conductas con signos de violencia, o que nos permitirá achegar unhas maiores cotas de benestar na nosa comunidade.

A violencia sempre é un xeito de exercicio de poder mediante o uso da forza, xa sexa física, psicolóxica, económica ou política, e implica a existencia dun enfrontamento de papeis complementarios, entre unha persoa con máis poder e outra con menos poder: home /muller, pai/fillo.... A violencia contra as mulleres é consecuencia da relación de desigualdade entre homes e mulleres.

Par previr as conductas violentas compre prever dende as idades máis novas as conductas violentas e o sexismo, ó mesmo tempo que promover estratexias de resolución de conflitos baseadas na non violencia e no afortalamiento das relacións interpersoais.

Para poder previr a violencia de xénero, un dos pilares fundamentais é educar na igualdade entre as persoas e os sexos, dende unha perspectiva de desenvolvemento integral das persoas, é dicir, coeducar.

O sexismo non é algo explícito, trátase de factores sutís que permanecen ocultos tanto para os individuos como para as institucións que, normalmente producen e reproducen a desigualdade social. Pódese dicir que se trata dunha discriminación fundamentalmente invisible.

Cando os nenos e nenas chegan á escola xa se ten producido a socialización nos xéneros masculino e feminino. A escola o que fai é reforzar, manter e reproducir estes estereotipos do masculino e feminino dun xeito inconsciente, polo que non é doado cambiar conductas que non son vividas nin percibidas como problema.

A xerarquización dos xéneros masculino e feminino conleva unhas connotacións específicas que afectan ó comportamento, á conducta estereotipada de cada un dos xéneros e que, obriga a sumir uns papeis polo mero feito de estar encasillado nun dos xéneros.

As conductas violentas que as veces se dan nun centro escolar están en maior ou menor medida relacionadas cos estereotipos que asumimos. O estereotipo masculino relaciónase con valores como agresividade, ambición... e os femininos con capacidades como a sensibilidade, responsabilidade ou valores como a submisión debilidade, tenrura...

Compre sensibilizar tanto ó profesorado como ás familias e o alumnado na coeducación e reflexionar nunha realidade que nos afecta e nos condiciona nos nosos comportamentos e pautas de actuación.

As actividades que propoñemos van dirixidas ó alumnado de Educación Primaria e teñen como obxectivo sensibilizalos nos aspectos coeducativos, na autoestima e na resolución non violenta de conflitos.

## ACTIVIDADES

### RESOLVENDO PROBLEMAS

**Actividade:**

Escenificar diferentes formas de resolver problemas.

**Obxectivos:**

- Reflexionar sobre a existencia de conflitos no medio escolar
- Identificar as consecuencias dos distintos xeitos de resolver os problemas.
- Analisar as vantaxes de resolver os conflitos de xeito pacífico.

**Organización da actividade:**

*Lugar:* O aula

*Materiais:* Caixa con tantas tarxetas verdes e amarelas como alumnado hai na clase, a partes iguais.

*Duración da actividade:* 50 minutos.

## PRESENTACIÓN DA SESIÓN

Cando temos un problema podemos afrontalo de distintos xeitos: Comportarnos violentamente, evitar o problema ou resolvelo pacificamente

Cando evitamos un problema ou intentamos solucionalo violentamente todos e todas saímos perdendo, cando o solucionamos pacificamente todas e todos saímos gañando e sentímonos ben.

Imos representar unha situación na que hai un problema e compre resolvelo. Colleredes unha tarxeta desta caixa e formaremos dous grupos segundo a color da tarxeta. Plantexaremos un problema, teredes un tempo para preparar a escena e logo a representaremos.

Despois comentaremos o que pasou.

## DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

O profesorado presentará a clase un problema:

Para a excursión de fin de curso temos un problema: Votamos e houbo empate entre aqueles que queren viaxar a Santiago e os votos para viaxar a Ourense ¿Que faremos?

- Cada alumno ou alumna recollera da caixa unha tarxeta e agruparase segundo a color.
- A cada grupo daránselle instrucións para representar a escenificación:

GRUPO AMARELO solucionarán o problema negociando e buscando unha alternativa que satisfaga ás dúas partes.

GRUPO VERDE afrontará o problema violentamente ameazando e chantaxeando ós que non estean de acordo sen chegar a solución aceptada por todo o grupo.

Logo de cada representación todo o alumnado comentará as seguintes cuestións:

- ¿Cal era o problema?
- ¿Como se sentían os personaxes?
- ¿Como afrontaron o problema os personaxes?
- ¿Solucionouse o conflito?
- ¿Como?
- ¿Como se sentían despois os personaxes?
- ¿Parece unha boa forma de solucionar problemas?
- ¿Por que?
- .....

O remate da sesión o profesor ou profesora destacará as vantaxes da resolución pacífica de conflitos.

## AS MULLERES DO NOSO BARRIO

### Actividade:

Recoller biografías de mulleres importantes do seu contorno

### Obxectivos:

- Recoñecer a importancia das aportacións das mulleres do seu entorno, familiares ou veciñas.

### Organización da actividade:

Lugar: O barrio

Agrupamento: individual

Temporalización : Dúas semanas.

## PRESENTACIÓN DA ACTIVIDADE

Recuperar a historia das mulleres, que moitas veces son esquecidas da historia oficial, significa recoñecer a contribución de tódalas persoas á construción do noso pasado e do noso presente.

Porque a historia dun pobo é tamén a historia de todas aquelas mulleres que dende a súa cotidianidade, dende a súa pequena parcela, dende o anonimato ou dende actividades pouco recoñecidas ou valoradas contribuíron a construír a nosa cultura.

Para isto imos preguntar a nosa familia, ás persoas que coñecemos, polo nome e a historia de mulleres que non son famosas pero fixeron cousas importantes: levaron negocios, axudaron a outros, fixéronse cargo da súa familia en situacións moi difíciles.....

E o seu nome e a súa historia recollerémola nunha ficha e contarémola ós compañeiros e compañeiras



## DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN.

O alumnado dispoñerá de dúas semanas para investigar no seu contorno máis inmediato e construír a biografía de mulleres “importantes”

**NOME:**

## IGUALDADE NO PATIO DA ESCOLA

### **Actividade:**

Observación do patio da escola na hora do recreo e como se distribúe o espacio e os xogos.

### **Obxectivos:**

- Reflexionar sobre a distribución igualitaria e equitativa dos espacios do Centro Escolar.
- Observar que uso se da do patio da escola.

### **Organización da actividade:**

Lugar: O patio da escola

Agrupamento: pequeno grupo de 3/4 persoas.

Material: Lapis e folia de observacións.

Temporalización: O tempo de recreo.

## PRESENTACIÓN DA ACTIVIDADE

Cando no recreo xogamos no patio da escola, reproducimos moitas veces os estereotipos aprendidos. Os modelos de conducta diferentemente aprendidos por nenos e nenas reflectiranse tanto nos xogos que xogamos como nos espacios que ocupamos ou na forma que temos de relacionarnos no xogo.

Para comprobar se os estereotipos están presentes nos nosos xogos, imos observar que pasa no patio da escola na hora do recreo

## DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE

O profesor ou profesora propondrá ó alumnado que realice observacións sobre o comportamento de nenos e nenas no patio da escola e anoten os xogos que se realizan así como os espazos que utilizan

Para isto distribuirase a clase en grupos de 4/5 persoas e a cada grupo daráselle unha folia de observacións que cumprimentarán durante a hora do recreo. A folia de observación elaborárase conxuntamente en clase procurando que inclúa aspectos como:

Xogos que se están a desenvolver				
Nº participantes nenas e nenos				
Quen son os que máis participan en cada un				
Espacio que ocupan no patio				
Tipo de xogo: masc/femin/neutro				
Obxectos que se utilizan				
Como se resolven as diferencias				
Hai conversacións				

Unha vez realizada a observación comentarase os resultados en común e irase anotando na pizarra os datos máis salientables.

Farase unha posta en común para analizar os datos , sacar conclusións e buscar solucións si hai situacións de desigualdade.

De aparecer claramente a reprodución de estereotipos nos xogos ou o desequilibrio nos espazos, propoase a elaboraci3n dun calendario consensuado para os días da semana.

## AS PERSOAS ESPECIAIS

### Actividade:

Defender diante do grupo que somos especiais

### Obxectivos:

- Reflexionar sobre nos mesmos /as: habilidades, gustos, forma de ser e identificar o que nos fai sentir especial.
- Valorar que cada persoa independentemente de ser nena ou neno posúe unhas características propias.

### Organización da actividade:

Lugar: O aula

Material: Tarxectas.

Temporalización: 50 minutos.

## PRESENTACIÓN DA ACTIVIDADE

O que unha persoa pensa e sente sobre si mesma é o que máis vai condicionar a súa felicidade. Cando máis positiva sexa a imaxe propia, se sentirá máis a gusto consigo mesma e compartirá esa felicidade coas demais persoas do seu contorno. Isto é a autoestima.

Por iso é importante que aprendamos a sentirnos ben, a gusto con nos mesmos e nos mesmas valorando o positivo e aceptando o negativo.

Para reflexionar sobre nós, imos facer un xogo: un casting para buscar persoas especiais.

## DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE

O profesor ou profesora explicará que unha productora de cine busca persoas especiais para intervir nunha película e encargoulle a el/ela a realización dun casting para atopalas.

Para participar no casting, cada alumno e alumna cumprimentará unha tarxecta na que escribirá dez cualidades ou aspectos positivos que lle fan ser especial. Poden ser cualidades, habilidades, gustos, rasgos físicos, aficións etc. tamén algunha acción que fixo que outra persoa se sentira ben. A única condición é que sexan aspectos, accións e cualidades positivas, nunca negativas.

Dispoñerán de quince minutos para cubrir a tarxecta, e darase paso á presentación.

Cada un dos alumnos e alumnas, defenderá diante dos compañeiros e compañeiras que é unha persoa especial e merece participar na película, para o que utilizará o que recolleu na tarxecta.

Unha vez que participou todo o alumnado o profesor ou profesora explicará que, dado que todos e todas son especiais, toda a clase foi escollida para a película e preguntará como se sentiron cando defenderon a súa candidatura procurando que todos e todas participen no coloquio.

Para rematar buscarase colectivamente un título para a película, elaborándose un mural co nome de todos e todas as protagonistas e as razóns polas que son "persoas especiais".

## **8 de MARZO**

### **Actividade:**

Recoller da prensa escrita noticias e artigos sobre o 8 de marzo.

### **Obxectivos:**

- Recoñecer transcendencia da data ó traveso da súa repercusión na prensa escrita.

### **Organización da actividade:**

Agrupamento: Pequeno grupo

Material: periódicos en papel e dixitalizados.

Temporalización: Unha sesión.

## **PRESENTACIÓN DA ACTIVIDADE:**

O 8 de marzo, Día Internacional da Muller, é unha data que serve para recordar o esforzo de mulleres de todo o mundo para acadar a igualdade, a xustiza, a paz e o desenvolvemento.

Esta celebración ten unha tradición de máis de 90 anos e supón un recoñecemento das mulleres como protagonistas da historia. Conmemorase en todo o mundo e tamén nas Nacións Unidas.

No noso país a Constitución de 1978 eliminou a discriminación por razón de sexo pero aínda que as melloras na situación das mulleres nos derradeiros anos foron moi importantes as desigualdades entre mulleres e homes en razón do seu sexo aínda existen na nosa sociedade, polo que é importante favorecer a igualdade de oportunidades e mellorar a convivencia entre todas e todos.

## DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE

O alumnado recollerá da prensa escrita as noticias e artigos que esta reflexa sobre este día.

Para isto o profesorado fará cos alumnos e alumnas un listado dos periódicos de información xeneral nacionais, rexionais ou locais que se coñezan, así como das edicións dixitalizadas e os magazíns de fin de semana.

Formaranse grupos de 4/5 persoas entre o alumnado e cada grupo encargárase de revisar 3 periódicos diferentes.

Para a confección do dossier pódense seguir as seguintes pautas:

- Na primeira páxina sinalar os periódicos onde se atoparon noticias ou artigos.
- Na segunda páxina e seguintes recorte ou fotocopia das noticias ou artigos atopados, co encabezamento /titular, indicando o nome do periódico, páxina e data de publicación.

Unha vez elaborados os dossieres, poñeranse en común e comentarase as noticias recollidas.

Farase logo un mural con todos os titulares.